

“RIMAS POLO MUNDO”

Rimas a través del mundo
Les comptines à travers le monde
Nursery rhymes worldwide
Boernerim fra hele verden
Razbrajalice
Cantigas do mundo

2º Proxecto docente de intercambio e creación internacional

Do 30 de abril ó 29 de maio de 2015 - Inauguración, xoves 30 de abril ás 12 h

Comisaria en Pontevedra: Anne Heyvaert
Colaboración: Sheila Broullón Davila

Esta exposición colectiva recolle traballos de estudantes en arte procedentes de doce centros de formación en Belas Artes de oito países, son os resultados do 2º Proxecto Internacional de Edición Gráfica “Rimas polo mundo”. O primeiro proxecto, denominado “Miniaturas”, foi motivo doutra exposición na Sala X en 2011.

Cada país difunde a súa lingua, as súas tradicións. Melodías, poesías ou cancións cruzan os tempos e as fronteiras de boca en boca, de xeración en xeración. De carácter infantil, de inspiración sentimental ou satíricas, as cancións populares están presentes dende sempre nas nosas culturas, transmitidas dunha xeración á outra, conservadas na memoria colectiva.

Con este proxecto de intercambio e de creación internacional preténdese que esta circulación salte a través dos países, aproveitando a multiplicidade dos medios de edición gráfica. Estudantes de cada centro elixiron unha ou varias cancións sobre as que traballar, e cada un interpretounas por medio de distintas técnicas gráficas. Con frecuencia, son os elementos rimados e repetitivos das cancións os que motivaron as imaxes.

Coas estampas editadas confeccionáronse doce portfolios, uno por centro participante, ademais de pequenos lotes para intercambiar entre todos os participantes. Cada portfolio contén, ademais das estampas, un CD con gravacións das cancións cantadas polos participantes dos diferentes países.

Prevese a realización de exposicións en cada un dos países participantes, as primeiras realizáronse en abril en Bélxica, no marco da Fête de la Gravure e da 10º Biennale International de Gravure Contemporaine de Liège (Liexa), e en Canadá, no marco do Colloque Melancholia, Trois-Rivières, Quebec, Canadá.

Este proxecto foi convocado polas profesoras e artistas Mylène Gervais et Valérie Guimond, do Département de Philosophie et des Arts, Universidad de Québec, Trois-Rivières, Canadá e Chantal Hardy, da Académie Royale de Beaux-Arts, Liexa, Bélxica.

Da Facultade de Belas Artes de Pontevedra participan neste proxecto os estudantes: Rebeca Cabaleiro Mato, Belén Diz Juncal, Rebeca López Villar, Benito Paz Trelles, Adrián Penido, Adrián Pérez García e Iria Pérez Gómez.

Coa participación dos centros seguintes:

Département de Philosophie et des Arts, Université du Québec, Trois-Rivières, Canadá

Alberta College of Art and Design, Calgary, Canadá

Académie Royale des Beaux-Arts de Liège, Bélxica

Académie des Beaux-Arts de Watermael-Boitsfort, Bruxelles, Bélxica

Académie des Beaux-arts, Verviers, Bélxica.

Facultade de Belas Artes, Pontevedra, Universidade de Vigo, España.

Université des Arts de Belgrade, Belgrado y la Academie des Beaux- Arts, NoviSad, Serbia.

Escuela Nacional de Artes Plásticas, Universidad Nacional Autónoma de México, México.

Taller Zona Imaginaria, Buenos Aires, en Arxentina.

Universidad Pontifical Católica de Rio Grande do Sul, Porto Alegre, en Brasil.

Aarhus Kunsthøjskole, Aarhus, en Dinamarca.

Esta exposición colectiva recolle traballos de estudantes en arte procedentes de doce centros de formación en Belas Artes de oito países, son os resultados do 2º Proxecto Internacional de Edición Gráfica "Rimas polo mundo". O primeiro proxecto, denominado "Miniaturas", foi motivo doutra exposición na Sala X en 2011.

Cada país difunde a súa lingua, as súas tradicións. Melodías, poesías ou cancións cruzan os tempos e as fronteiras de boca en boca, de xeración en xeración. De carácter infantil, de inspiración sentimental ou satíricas, as cancións populares están presentes dende sempre nas nosas culturas, transmitidas dunha xeración á outra, conservadas na memoria colectiva.

Con este proxecto de intercambio e de creación internacional preténdese que esta circulación salte a través dos países, aproveitando a multiplicidade dos medios de edición gráfica. Estudantes de cada centro elixiron unha ou varias cancións sobre as que traballar, e cada un interpretounas por medio de distintas técnicas gráficas. Con frecuencia, son os elementos rimados e repetitivos das cancións os que motivaron as imaxes.

Coas estampas editadas confeccionáronse doce portfolios, uno por centro participante, ademais de pequenos lotes para intercambiar entre todos os participantes. Cada portfolio contén, ademais das estampas, un CD con gravacións das cancións cantadas polos participantes dos diferentes países.

Prevese a realización de exposicións en cada un dos países participantes, as primeiras realizáronse en abril en Bélxica, no marco da Fête de la Gravure e da 10º Biennale International de Gravure Contemporaine de Liège (Liexa), e en Canadá, no marco do Colloque Melancholia, Trois-Rivières, Quebec, Canadá.

Este proxecto foi convocado polas profesoras e artistas Mylène Gervais et Valérie Guimond, do Département de Philosophie et des Arts, Universidad de Québec, Trois-Rivières, Canadá e Chantal Hardy, da Académie Royale de Beaux-Arts, Liexa, Bélxica.

Da Facultade de Belas Artes de Pontevedra participan neste proxecto os estudantes: Rebeca Cabaleiro Mato, Belén Diz Juncal, Rebeca López Villar, Benito Paz Trelles, Adrián Penido, Adrián Pérez García e Iria Pérez Gómez.

Coa participación dos centros seguintes:

Département de Philosophie et des Arts, Université du Québec, Trois-Rivières, Canadá

Alberta College of Art and Design, Calgary, Canadá

Académie Royale des Beaux-Arts de Liège, Bélxica

Académie des Beaux-Arts de Watermael-Boitsfort, Bruxelles, Bélxica

Académie des Beaux-arts, Verviers, Bélxica.

Facultade de Belas Artes, Pontevedra, Universidade de Vigo, España.

Université des Arts de Belgrade, Belgrado y la Academie des Beaux- Arts, NoviSad, Serbia.

Escuela Nacional de Artes Plásticas, Universidad Nacional Autónoma de México, México.

Taller Zona Imaginaria, Buenos Aires, en Argentina.

Universidad Pontifical Católica de Rio Grande do Sul, Porto Alegre, en Brasil.

Aarhus Kunstakademi, Aarhus, en Dinamarca.